

O PSdeG denuncia que o alcalde ocultou información aos veciños de Vilalba no tema do cobro de plusvalías

Os socialistas manifestan o seu “estupor” ante as declaracións do alcalde, que afirmou que era “unha cuestión de listillos que non querían pagar impostos” e que o PSdeG-PSOE “só pretende confundir á opinión pública”, e fai público un decreto asinado polo rexedor do PP

Os socialistas vilalbeses manifestan o seu “estupor” despois de escoitar as declaracións do alcalde ao respecto do cobro das plusvalías aos veciños que o PSdeG-PSOE denunciou de forma pública ao consideralas “irregulares. En lugar de dar información veraz ao respecto do cobro das plusvalías, “dedicouse a botar balóns fora, dicindo que era una cuestión de listillos que non querían pagar os impostos, cousa que non ía a permitir o Grupo de Goberno”, e “como de costume”, din, “afirmou que a actuación dos socialistas só pretendía confundir á opinión pública”. Diante disto, o grupo municipal socialista de Vilalba manifesta:

-Que o Alcalde ocultou información ao pobo de Vilalba, dado que, el mesmo, en data 10 de decembro de 2012, asinou o decreto nº 39 da Alcaldía, polo que por “motivos de urxencia, é necesario notificar aos interesados as liquidacións feitas polo rexistro da propiedade de Vilalba, relativas a dito imposto (imposto sobre o incremento do valor dos terreos). Neste decreto, aprobase un montante ao cobro por valor de 271.990,49 euros.

O que significa que:

1º O Alcalde era consciente de que se estaban a librar liquidacións antes de ser aprobadas por órgano competente. As liquidacións enviadas e recibidas polos vilalbeses entre os días 15/11/12 e 10/12/12, non estaban aprobadas .

2º Os suxeitos pasivos non podían efectuar ningún recurso, debido a que non sabían ante que órgano o tiñan que presentar.

“A actuación do alcalde, pretendendo validar as notificación feitas, é de máxima irresponsabilidade, pois pretendía dar por certo un feito que non tiña acontecido. É dicir, o decreto da Alcaldía vén a dar a razón aos socialistas de que os notificados recibiron as liquidacións antes de ser aprobadas por órgano competente. Este procedemento de cobro, validado polo Alcalde, podería ter vulnerado tanto a Lei Xeral tributaria, como a Lei do Procedemento Administrativo Común e Réximen Xurídico das Administración Públicas”, din os socialistas.

(ADXUNTAMOS O DECRETO ASINADO POLO ALCALDE)

Lugo, 28 de febreiro de 2013